



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 DE ESTABILIZACION DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE PONTECESO

Pola resolución da Alcaldía núm. 386/2022 de data 27 de maio de 2022, publicada no BOP núm. 102 de data 31-05-2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público de carácter extraordinario para a estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 deste concello, consonte ao establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, sometida previamente á mesa xeral de negociación coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, as máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia e aos sindicatos que obtivesen o dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados e xuntas de persoal celebradas no Concello de Ponteceso, de conformidade co establecido no artigo 37.1.l) do RDL 5/2025, polo que se aproba o TREBEP, e 149.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, concorrendo CSIF, CIG e UGT.

No BOP núm. 245 do 28 de decembro de 2022 e no taboleiro da sede electrónica municipal publicáronse integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria e provisión das prazas incluídas na OPE extraordinaria de estabilización do emprego temporal 2022 do Concello de Ponteceso, aprobadas pola resolución de Alcaldía núm.1050/2022 do 20-12-2022, corrixida a mesma polas resolucións núm. 1066/2022 do 22-12-2022 e 96/2023 do 02-02-2023, publicándose, así mesmo, un extracto da convocatoria no DOG núm. 14 de 20 de xaneiro de 2023. No BOE núm. 31 de 6 de febreiro de 2023 publícase un extracto da convocatoria polo que o período de presentación de solicitudes para participar nos procesos selectivos convocados abriuse o día 7 de febreiro de 2023, permanecendo aberto ata o día 6 de marzo de 2023, ambos inclusive.

Pola resolución de Alcaldía núm. 208/2023 do 16-03-2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas das distintas prazas convocadas, resultando publicada no BOP núm. 56 do 22-03-2023, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, outorgándose un prazo de 10 días hábiles para a emenda das solicitudes excluídas e nomeando aos membros dos tribunais que xulgarán os procesos selectivos. Pola resolución da alcaldía núm. 334/2023 do 22-04-2023 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocouse aos membros do tribunal para o comezo dos procesos selectivos, establecendo o comezo dos procesos selectivos na data de 11-05-2023, ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso, aos efectos da súa constitución e posterior realización da fase de concurso mediante a valoración dos méritos presentados polos/as aspirantes admitidos/as para as prazas de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL e AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA, debendo presentarse a dita hora os aspirantes que non acreditaron o requisito de coñecemento da lingua galega esixido na correspondente convocatoria para a realización da proba prevista na base xeral 6.3 e na específica Terceira.2. Ao ter todos os/as aspirantes o nivel mínimo esixido, CELGA 3, procederase a avaliar a fase concurso.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Sendo as 11.30 horas do día 11 de maio de 2023 no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso concorren os seguintes membros do tribunal para a provisión dunha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso.
Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario do Concello de Ponteceso.
Vogais: D^a. Antía Pena Dorado, Secretaria do Concello de Ponteceso; D. Emilio Caínzos Quintás, Técnico de Administración Xeral-coordinador xeral do Concello de Ponteceso; e D^a. María José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso.

Asiste D. Pedro Javier Alvarez Bugallo como observador, en representación do sindicato CSIF.

A presidenta declara constituído o tribunal de selección.

Comézase a valorar a fase concurso, consonte ao establecido nas Bases Xerais e Específicas, salientando que o tribunal cinguirase ao establecido nas mesmas:

Base específica sexta:

"Sexta.- Sistema de selección e valoración de méritos.

O sistema de selección será, de conformidade co art. 61.6 e 7 do TREBEP, o excepcional de concurso, ao reunir a praza convocada os requisitos establecidos para estes procesos, ao estar ocupada con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 01/01/2016 e as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016 (Disposición Adicional 6^a e 8^a).

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polos aspirantes á data establecida, de conformidade co baremo que se indique nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

A valoración máxima será de 100 puntos.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude de participación ou non acreditados documentalmente durante o prazo de presentación.

Con carácter xeral serán méritos avaliábeis nesta fase os seguintes méritos, de acordo co baremo que se indica:

1. Méritos profesionais: 70 puntos

- *Servizos prestados no mesmo corpo, escala, categoría ou denominación equivalente do Concello de Ponteceso, en calidade de persoal temporal: 1,00 punto por mes completo*
- *Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou denominacións equivalentes doutras Administracións públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,50 punto por mes completo.*

Para acreditar a experiencia laboral no Concello de Ponteceso realizarase de oficio a certificación acreditativa dos solicitantes. Para acreditar a experiencia laboral nas restantes Administracións Públicas aportaranse os certificados expedidos pola secretaría das mesmas, ou órgano correspondente así como o informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o período, categoría e grupo de cotización. Non se terán en



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

conta os períodos inferiores a un mes.

Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente, agás no caso das prazas que se convocan como persoal laboral indefinido fixo discontinuo a tempo parcial

2. Outros méritos: 30 puntos

- *Formación e capacitacións profesionais (puntuación máxima deste apartado: 30,00 puntos)*

Só se valorarán as accións formativas debidamente, impartidas por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades, Organizacións Sindicais ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo sempre que fosen oficialmente recoñecidos e homologados por un organismo público, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros. Nas prazas de condutores valoraranse tamén os méritos relativos a formación nas materias de electricidade, manexo de maquinaria e outros relacionados coas prazas. Acreditaranse por medio do certificado e no que deberá figurar o número de horas e o seu contido. Os cursos de menos de 8 horas de duración non serán valorados. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 8 horas e polo tanto non serán valorados. Valorarase a posesión de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto de estabilización

Puntuarase:

- *Por grupos e subgrupos, asimilados, e en función da titulación esixida na correspondente praza a proveer, a táboa de puntuacións por cursos de formación será seguinte:
Subgrupo C2 ou asimilado (G.Prof. IV): (0,400 puntos hora)*
- *Pola acreditación de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto de estabilización: 2 puntos.*
- *Polo coñecemento da lingua galega:*

Para todos os Grupos Profesionais ou subgrupos ou asimilados, en que se encuentre encadrada a praza obxecto de cobertura:

Por ter acreditado un nivel superior de coñecemento da lingua galega ao esixido en cada convocatoria: 1 punto.

Por ter o curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga: 1,5 puntos.

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2 puntos.

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento da lingua galega, só se computará o superior.

.....”

No caso de obter puntuacións iguais entre os aspirantes, para o desempate resolverase segundo o disposto na base 9, a cal establece:

“9.Criterios de desempate

Para ambos sistemas de estabilización, concurso-oposición (art. 2 da Lei 20/2021) como no excepcional



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

de concurso (Disposicións Adicionais 6ª e 8) no caso de empate entre os candidatos resolverase da seguinte forma:

- 1º.- *Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.*
- 2º.- *Maior antigüidade recoñecida na Administración Pública convocante.*
- 3º.- *Maior antigüidade recoñecida nas restantes Administracións Públicas.*
- 4º.- *No caso de persistir o empate resolverase a favor do aspirante de maior idade."*

O tribunal acorda que na presente convocatoria só se valorarán, consonte ás bases, os méritos profesionais en postos de traballo de denominación equivalente ao posto convocado (AUXILIAR ADMINISTRATIVO ARQUIVO E BIBLIOTECA, AUXILIAR DE ARQUIVO, AUXILIAR BIBLIOTECA., AUXILIAR ADMINISTRATIVO) con similitude de funcións, sexan do Concello de Ponteceso ou doutras Administracións Públicas. Deberanse acreditar os correspondentes ao Concello de Ponteceso coa certificación expedida pola secretaría e os correspondentes a outras Administracións Públicas mediante a certificación correspondente e o informe de vida laboral, tal como esixen as bases.

Con respecto a outros méritos o tribunal acorda que se valorarán con suxeición á literalidade das bases, non valorándose os cursos non relacionados coas funcións da praza a prover, agás os transversais. Neste apartado xorden discrepancias entre os membros do tribunal en canto á valoración ou non do curso "Monitor de Tempo Libre". A presidenta Dª. Lucía Mata Rodríguez considera que, revisado o Anexo VIII PROGRAMA PARA O CURSO DE MONITORES DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE do DECRETO 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade (DOG núm. 49 de 10.03.2000), o curso non debería ser valorado dado que as materias que abrangue nin teñen relación coas funcións da praza a prover nin poden considerarse transversais. Xustifica a súa postura coa lectura in voce do detalle das áreas ás que se refire o citado Anexo: Psicología; O grupo. Tipología e organización. Dinámica de grupos; Sociología; A educación no tempo libre; Conceptos fundamentais da pedagogía; Necesidades educativas especiais no tempo libre. Inadaptación e marxinação; Bases do proxecto formativo. Principios educativos; Educación de valores; Metodoloxía e programación. Fases na elaboración do programa; O xogo como instrumento didáctico na educación no tempo libre; O educador/a de tempo libre: aspectos psicolóxicos, sociolóxicos e pedagóxicos; A colaboración na escola; A animación: concepto e uso da animación no tempo libre; O xogo. Tipología de xogos; Seráns e lumes de acampada; Introducción ás técnicas de expresión e comunicación; Introducción á educación ambiental; Técnicas de campismo e excursionismo; A hixiene e a sanidade nas actividades de tempo libre; Aspectos sanitarios nas actividades de tempo libre; Prevención das drogodependencias; Socorrismo e primeiros auxilios; Alimentación e nutrición; Sexualidade; Seguridade e hixiene; Área de organización e recursos: Lexislación, Recursos e axudas, Redes de información xuvenil. Pola contra o secretario D. José Manuel Ordóñez Barca e a vogal Dª. Antía Pena Dorado defenden a súa valoración ao contemplar o dito curso formación para actividades que se veñen a desenvolver na Biblioteca Municipal O auxiliar administrativo dunha biblioteca pode



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

colaborar co persoal técnico en tarefas de animación e dinamización da biblioteca (dinamización de grupos escolares, animación á lectura, animación sociocultural, etc.) e na tramitación de procedementos administrativos (solicitude de subvencións tales como Ler Conta Moito, novidades bibliográficas...). O curso de Monitor de Tempo Libre, no seu programa, recolle actuacións tales como técnicas de animación de grupos, animación no tempo libre, expresión literaria, recursos e axudas públicas (subvencións), recursos socioculturais, intervención educativa, o xogo como instrumento didáctico, características dos grupos infantís e xuvenís, a comunicación interpersonal... así como tamén se establecen no Certificado de profesionalidade SSCBO209 Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil y juvenil (BOE 217 do 10 de decembro de 2011).

Para dirimir a controversia o tribunal decide someter o asunto a votación e por maioría dos seus membros (1 voto en contra da presidenta D^a. Lucía Mata Rodríguez, 2 votos a favor do secretario D. José Manuel Ordóñez Barca e da vogal D^a. Antía Pena Dorado, e 2 abstencións do vogais D. Emilio Cainzos Quintás e D^a. María José Sueiro Pose) acorda valorar como outros méritos o curso de "Monitor de Tempo Libre".

Realizada a valoración de méritos da fase concurso o tribunal, por unanimidade, outorga as seguintes puntuacións, ordenadas de forma decrecente segundo a puntuación total obtida, excluindo aos aspirantes que obtiveron 0 puntos e procedendo nos casos de empate a 100 puntos consonte ao criterio do apartado 1^o da base 9 das xerais da convocatoria (estar ocupando a praza obxecto da convocatoria) e ao persistir o empate segundo o apartado 2^o (maior antigüidade na Administración convocante). Nos restantes casos ao non darse os casos previstos nos apartados 1^o, 2^o e 3^o da citada base, procédese consonte o criterio 4^o (maior idade):

FIRMADO POR Lucía Mata Rodríguez (FECHA: 16/05/2023 10:41:00) , José Manuel Ordóñez Barca (FECHA: 16/05/2023 10:44:00) ,
Antía Pena Dorado (FECHA: 16/05/2023 10:52:00) , Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 16/05/2023 12:51:00) ,
María José Sueiro Pose (FECHA: 16/05/2023 13:29:00)
Versión imprimible

CVD: vNdfDgx7QtatXv5Cb9E
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

1 PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA

FASE: CONCURSO-ORDE DECRECENTE PUNTUACIÓN OBTIDA

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
1	GARCIA SUAREZ MARIA DOLORES	***6529**	70	30	100	*09-02-1994
2	PEREZ MARTINEZ Mª GUADALUPE	***1029**	70	30	100	**02-10-1969
3	PÉREZ TABOADA Mª DEL CARMEN	***7159**	70	30	100	**18-05-1971
4	FACAL FUENTES DESIREE	***3714**	53	30	83	
5	PINAL SEOANE SILVIA Mª	***5667**	11,5	30	41,5	
6	CORNADO RODRIGUEZ LUCIA	***5693**	3	30	33	
7	PEREZ NOVAS Mª DE LOS ÁNGELES	***2615**	1	30	31	
8	FERREIRÓS BARDANCA BIBIANA GIOCONDA	***5377**	0	30	30	**02-01-1966
9	CASTRO RODRIGUEZ SONIA MARIA	***9860**	0	30	30	**18-10-1969
10	LONGUEIRA REY ANA ISABEL	***1186**	0	30	30	**13-05-1971
11	FONDO CASTRO MARIA JOSEFA	***6626**	0	30	30	**23-11-1971
12	PÉREZ BLANCO SANDRA	***1234**	0	30	30	**15-10-1973
13	LEMA MACIAS MARIA BEGOÑA	***1529**	0	30	30	**11-11-1974
14	PEDREIRA VARELA SONIA	***6511**	0	30	30	**26-11-1975
15	VARELA URES EVA MARIA	***2206**	0	30	30	**25-05-1977
16	BELLÓN MATO PATRICIA	***0060**	0	30	30	**25-04-1981
17	VARELA LEMA Mª DEL CARMEN	***2941**	0	30	30	**26-12-1981
18	CALLES ALONSO BRAIS	***6532**	0	30	30	**06-08-1983
19	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**	0	30	30	**13-12-1983
20	PORTOLÉS ARGÜELLES LARA FRANCISCA	***6632**	0	30	30	**16-01-1985
21	BLANCO SANGUINEDO CRISTINA	***0381**	0	30	30	**26-02-1986
22	RAMOS ADRÁN BEATRIZ	***6136**	0	30	30	**15-07-1989
23	TRABA LISTA FÁTIMA	***0746**	0	30	30	**23-10-1990
24	BOUZA COUSILLAS ROSALIA	***0433**	0	30	30	**20-04-1994
25	GUEL MORALES MARIA GUADALUPE	***3533**	0	20	20	
26	MARTÍNEZ-BOTAS SÁNCHEZ Mª ISABEL	***3519**	0	19	19	**23-01-1969
27	PÉREZ DOPICO DIEGO	***1454**	0	19	19	**14-12-1975
28	PEDRIDO FEÁNS JOSÉ ANTONIO	***8374**	0	8	8	
29	POSE VARELA EVA MARIA	***3141**	0	3	3	**22-04-1982
30	VIDAL PAILOS ANDRÉS	***7621**	0	3	3	**09-09-1986
31	SERRANO PEREIRA SANTIAGO	***1366**	0	3	3	**11-01-1995
32	ALDAO PEREIRA NOEMÍ	***1546**	0	3	3	**06-05-1996
33	VILLAVERDE PÉREZ PABLO	***5296**	0	3	3	**04-07-1999
34	IGLESIAS SAAVEDRA CARMEN	***4182**	0	3	3	**10-10-1999
35	BUGALLO CHANS MERCEDES MILAGROS	***1365**	0	0	0	
36	FERNÁNDEZ FERREIROS MANUEL ALBERTO	***7835**	0	0	0	
37	MUÑOZ MÁRQUEZ Mª DEL CARMEN	***5512**	0	0	0	

* Ocupa praza convocada e Antigüidade na ent. Convocante

** Data de nacemento



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

De conformidade coa base xeral 12, o tribunal procederá con suxeición á mesma: *"Finalizado o proceso de selección, o Tribunal Cualificador elevará a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzada, con indicación do documento nacional de identidade -na forma prevista legalmente para a protección dos datos de carácter persoal-, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, ao órgano competente para a resolución do proceso selectivo, que así mesmo ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e sede electrónica do Concello"*.

Polo que, finalizado o proceso de selección, consonte ás valoracións outorgadas o tribunal, excluindo aos aspirantes que obtiveron 0 puntos, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Declarar aprobada á aspirante que obtivo a maior puntuación, procedendo ao desempate consonte ao establecido na base xeral 9, apartados 1 e 2, ocupar praza e maior antigüidade na Administración convocante, e elevar a proposta de contratación para a praza AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA de persoal laboral fixo, grupo profesional IV, asimilado a subgrupo funcionarios C2, sendo a seguinte:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	GARCIA SUAREZ MARIA DOLORES	***6529**

Segundo.- Elevar a proposta de formación da bolsa de emprego para a categoría de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA, procedendo nos casos de empate segundo o establecido no apartado 4º (maior idade) da base xeral 9 ao non darse os casos previstos nos apartados 1º, 2º e 3º:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

BOLSA DE EMPREGO- AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA						
ORDE DECRECENTE Puntuación Obtida						
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
1	PEREZ MARTINEZ Mª GUADALUPE	***1029**	70	30	100	**02-10-1969
2	PÉREZ TABOADA Mª DEL CARMEN	***7159**	70	30	100	**18-05-1971
3	FÁCAL FUENTES DESIREE	***3714**	53	30	83	
4	PINAL SEOANE SILVIA Mª	***5667**	11,5	30	41,5	
5	CORNADO RODRIGUEZ LUCIA	***5693**	3	30	33	
6	PEREZ NOVAS Mª DE LOS ÁNGELES	***2615**	1	30	31	
7	FERREIRÓS BARDANCA BIBIANA GIOCONDA	***5377**	0	30	30	**02-01-1966
8	CASTRO RODRIGUEZ SONIA MARIA	***9860**	0	30	30	**18-10-1969
9	LONGUEIRA REY ANA ISABEL	***1186**	0	30	30	**13-05-1971
10	FONDO CASTRO MARIA JOSEFA	***6626**	0	30	30	**23-11-1971
11	PÉREZ BLANCO SANDRA	***1234**	0	30	30	**15-10-1973
12	LEMA MACIAS MARIA BEGOÑA	***1529**	0	30	30	**11-11-1974
13	PEDREIRA VARELA SONIA	***6511**	0	30	30	**26-11-1975
14	VARELA URES EVA MARIA	***2206**	0	30	30	**25-05-1977
15	BELLÓN MATO PATRICIA	***0060**	0	30	30	**25-04-1981
16	VARELA LEMA Mª DEL CARMEN	***2941**	0	30	30	**26-12-1981
17	CALLES ALONSO BRAIS	***6532**	0	30	30	**06-08-1983
18	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**	0	30	30	**13-12-1983
19	PORTOLÉS ARGÜELLES LARA FRANCISCA	***6632**	0	30	30	**16-01-1985
20	BLANCO SANGUINEDO CRISTINA	***0381**	0	30	30	**26-02-1986
21	RAMOS ADRÁN BEATRIZ	***6136**	0	30	30	**15-07-1989
22	TRABA LISTA FÁTIMA	***0746**	0	30	30	**23-10-1990
23	BOUZA COUSILLAS ROSALIA	***0433**	0	30	30	**20-04-1994
24	GUEL MORALES MARIA GUADALUPE	***3533**	0	20	20	
25	MARTÍNEZ-BOTAS SÁNCHEZ Mª ISABEL	***3519**	0	19	19	**23-01-1969
26	PÉREZ DOPICO DIEGO	***1454**	0	19	19	**14-12-1975
27	PEDRIDO FEÁNS JOSÉ ANTONIO	***8374**	0	8	8	
28	POSE VARELA EVA MARIA	***3141**	0	3	3	**22-04-1982
29	VIDAL PAILOS ANDRÉS	***7621**	0	3	3	**09-09-1986
30	SERRANO PEREIRA SANTIAGO	***1366**	0	3	3	**11-01-1995
31	ALDAO PEREIRA NOEMÍ	***1546**	0	3	3	**06-05-1996
32	VILLAVERDE PÉREZ PABLO	***5296**	0	3	3	**04-07-1999
33	IGLESIAS SAAVEDRA CARMEN	***4182**	0	3	3	**10-10-1999

** Data de nacemento



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Sendo as 13.05 horas do 11 de maio de 2023, a presidenta dá por rematada a sesión do tribunal, redáctase e asíñase a presente acta.

A presidenta

O secretario

Os vogais: